

## Crónica

# A emoción na arquitectura, César Portela en Madrid

Cruz MARTÍNEZ

A obra arquitectónica de César Portela trascendeu a súa función e a súa ubicación xeográfica durante un mes (entre o sete de marzo e o nove de abril) para instalarse en Madrid, no emblemático escenario do Círculo de Bellas Artes, un edificio declarado Monumento Nacional, que por certo, realizou outro destacado arquitecto galego, Antonio Palacios. Da man dos comisarios da exposición, Iago Bonet Correa e Susana Cendán, debuxos, fotografías, audiovisuais e maquetas dalgúns dos proxectos máis emblemáticos de Portela, convertéronse en pezas de arte para consumo dun público menos coñecedor e máis distante da obra do arquitecto galego.

Esta retrospectiva realizouse nun momento de máxima proxección internacional da arquitectura española, coincidindo coa exposición sobre a obra de Santiago Calatrava no Museo Metropolitan de Nova Iorq, e coa adicada polo Museo de Arte Moderno da mesma cidade, o MOMA, ás obras arquitectónicas de España dos últimos 25 anos (tanto as de arquitectos españois como as feitas por figuras internacionais aquí). A mostra adicada a Portela polo Círculo recollía proxectos que abranguen precisamente ese mesmo período: dende principios dos 70 do pasado século ata os nosos días. A meirande parte do que se puido ver na exposición son edificios construídos ou proxectados para Galicia, pero tamén obras encargadas para lugares tan dispares como Córdoba, Cádiz ou o Xapón. Tamén a arquitectura ten hoxe unha dimensión global.

Aínda que César Portela asegura que non lle gusta a arquitectura espectáculo, aquela que busca deslumbrar e converterse en icona mundial, el subliña que, en cambio, a concibe como escenario e non como fin en si mesmo. O certo é que atopamos na mostra a obra dun artista, dun arquitecto-autor. Os seus proxectos son, dende logo, persoais e suxerentes, características que transmitía a montaxe.

Na rolda de prensa de presentación da retrospectiva Portela afirmou que se “despiu” nesta

exposición. A mostra non foi só unha sucesión descritiva de proxectos arquitectónicos. O espectador podía atopar a súa concepción do proceso creativo, a súa maneira de mira-lo mundo, o seu compromiso social e a súa paixón pola paisaxe e as xentes.

O primeiro contacto do visitante con César Portela era unha montaxe realizada cunha fotografía do Museo do Mar que construíu en Alcabre, Vigo, un proxecto de 1992. As fiestras da imaxe estaban recortadas, abertas, e por elas víase un mar en movemento, un vídeo con imaxes do trafego da ría, para crear no espectador a sensación de que está no Museo real ollando polas pequenas xanelas.

Una vez dentro da Sala Picasso, o percorrido comezaba por outra grande fotografía, a da carballreira de Lalín, coa súa granítica intervención. Desvelaba como o autor pon a arquitectura en relación coa natureza, como as integra e as funde.

De seguida o público atopaba unha composición feita con 66 fotografías que Portela realizou nas súas viaxes por todo o mundo entre 1975 e o ano 2000, un catálogo de sentimentos e de referencias coa súa visión do planeta, das culturas, das ideoloxías, das xeografías. Nelas descubrimos como se sente atraído polos modos de vivir dos distintos pobos, as cores das xentes e das paisaxes, a luz e o clima, que inflúen nas arquitecturas, e na súa en concreto. O mundo é rico e variado e non fan falla os artificios foráneos para construír unha realidade arquitectónica con sentido.

Os seus traballos arquitectónicos, tanto os realizados en Galicia como fóra, son respectuosos coa historia local, a xeografía e as xentes que os van habitar. Malia que as súas son propostas innovadoras, ás veces mesmo atrevidas (coma no caso do cemiterio de Fisterra) buscan a integración coa paisaxe e co contorno cultural, sen esquecer a función para a que se crean (poboado xitano de Campañó).

A exposición do Círculo amosou obras coma o faro de Punta Noriga, en Fisterra, a estación de autobuses de Córdoba, o Museo do Mar de

Galicia, a Escola de Minas de Pontevedra ou a Ponte Azuma no Xapón. Os proxectos seleccionados reflicten unha das súas constantes (aparte da devandita posta en relación da arquitectura coa historia, coa xeografía e coas xentes) que é a sinxeleza de formas e a ausencia de luxos nos materiais (os propios e habituais nos contornos para os que proxecta as obras). Portela é defensor da calidade construtiva e de conxugar beleza e utilidade. Aposta por deixar de lado as cuestións banais, as formas gratuítas, os materiais inútiles e os xestos innecesarios. Queda co esencial.

A exposición concebiuse como a súa obra: racional, xeométrica, pura nas liñas. En cada un dos seus espazos as paredes tiñan unha cor en relación co que se amosaba neles, contribuíndo a realzar os proxectos.

A maqueta do faro de Punta Noriga exhibíase sobre unha proxección audiovisual dun mar revolto, co son e as cores da Costa da Morte, nunha aproximación á obra no seu encadramento real. O poboado xitano de Campañó, amáis de coa maqueta orixinal, ilustrábase cun vídeo.

No caso da estación de autobuses de Córdoba as fotografías (a dunha muller árabe, por exemplo) contextualizaban a obra e amosaban como o arquitecto concibe a infraestrutura para un lugar, un clima e un uso concretos. Neste proxecto, actualiza conceptos da arquitectura tradicional da zona na que traballa (celosías para tamizar a luz e os patios con palmeiras) pero sen abandonar a súa sinxeleza habitual, a arquitectura de Portela faise nesta estación máis ondulante e ofrece reminiscencias árabes.

Nunha gran mesa, varios libros permitían profundizar. E tamén se podían ver algúns dos materiais que usa habitualmente o arquitecto galego: os granitos, as pizarras e a madeira, en diferentes cores e texturas. Tamén había varios audiovisuais nos que o propio Portela explicaba algunhas das obras. O cartel da exposición era unha fotografía do cemiterio de Fisterra, descrito poeticamente coma “os colectores dun naufraxio á deriva”.

Unha exposición que permitiu amosar que Galicia produciu nas últimas décadas algo máis ca feísmo e confusión, arquitectonicamente falando, e que conta con arquitectos con maiúsculas que están á altura dos tempos.